



BASES PARA PARTICIPAR NO CURSO DE INFORMÁTICA **“INICIACION A MICROSOFT WORD E INTERNET”**

A Concellería de Igualdade de Xénero do Concello de Baiona, a través do Centro Municipal de Información á Muller, co obxectivo de dotar ás mulleres de Baiona, dunha ferramenta que facilite a súa inserción social e laboral, organiza o curso básico de informática “Iniciación a Microsoft Word e internet”. Esta iniciativa de ámbito municipal enmárcase no *III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Baiona 2013-2015*, e concretase , no obxectivo 3..2 “ Fomentar a participación das mulleres nas actividades formativas que se realicen sobre o coñecemento e uso das novas tecnoloxías coa finalidade de diminuír a fenda dixital existente entre mulleres e homes “,do seu eixo terceiro “Participación: fomentar a cidadanía activa das mulleres”

1.Requisitos para participar no curso:Esta actividade está dirixida a mulleres de Baiona, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroada no municipio de Baiona con data anterior a esta convocatoria
- Estar desempregada

2.Programa do curso :

- Introducción a Word
- Conceptos básicos do programa
- Descrición dos elementos da interfaz
- Manexo de documentos
- Movementos do cursor
- Formato do documento
- Vistas
- Introducción a Internet
- Navegadores
- Plugins
- Seguridade

3.Número de prazas que se ofertan : 15.

4.Exención no pago

De conformidade co artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da Concellería de Asuntos Sociais, Benestar e Igualdade: “Estarán exentas do pago deste prezo público as seguintes actividades:

- a) Actividades de integración social e laboral e as destinadas ó fomento de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.”

Por este motivo das 15 prazas, serán reservadas cinco para usuarias dos servizos sociais municipais e do Centro Municipal de Información á Muller, que ademais de cumprir os



requisitos establecidos no punto 1 destas bases, sexan vítimas de violencia de xénero ou beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga) ou sexan usuarias do Programa de Educación familiar, o que se acreditará previo informe de ditos servizos.

5. Data de realización, lugar, horario e horas totais

O curso desenvolverase dende o martes 11 de febreiro ata o xoves 20 de marzo, desenvolvéndose os martes e xoves na aula de novas tecnoloxías do centro multiusos Angel Bedriñana, en horario de 9:30 a 12:30h

O curso terá unha duración de 36 horas

6.Custo: 15 €/alumna (artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da Concellería de Asuntos Sociais, Benestar e Igualdade (BOP 15/05/2008)

Reducións: *Segundo o artigo 7 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da Concellería de Asuntos Sociais, Benestar e Igualdade Se é familia numerosa e concurren varios membros da mesma familia a realizar a actividade terán dereito as seguintes bonificacións :*

O primeiro e segundo membros terán unha redución do 50% cada un

O terceiro e seguintes membros da devandita unidade familiar terán a actividade gratuita.

Considérase unidade familiar a composta polos pais, e fillos/as menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio familiar.”

7. Documentación a presentar:

- Solicitude de inscrición (anexo I) debidamente cumprimentada e asinada xunto coa seguinte documentación :
 - o Fotocopia compulsada do DNI da solicitante
 - o Fotocopia compulsada da tarxeta da tarxeta de demandante de emprego
 - o Si é o caso, fotocopia compulsada do título de familia numerosa
 - o Non é necesario acreditar o empadramento . O Concello comprobará que se cumpre dito requisito.

8. Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As mulleres interesadas en participar no proceso de selección deberán presentar a solicitude correctamente cumprimentada, (pódese recoller no rexistro do Concello de Baiona ou no Centro de Información á Muller) xunto coa documentación establecida no punto 7 destas bases no rexistro do Concello de Baiona a partir do vindeiro martes 21 de xaneiro ata o mércores 5 de febreiro en horario de 9:00 a 14:00 h de luns a venres ,e de 9:00 a 13:00 h os sábados

9. Procedemento de adxudicación de prazas

Das quince prazas ofertadas, cinco resérvanse para un colectivo específico (punto 4 destas bases) e as dez restantes adxudicaranse nun sorteo público ao cho, que terá lugar o



vindeiro xoves 6 de febreiro ás 12:00 horas no salón de actos do Concello de Baiona .Se das cinco prazas reservadas para o colectivo específico quedase algunha sen cubrir, incrementarase a quenda das libres (as 10 que serán obxecto do sorteo) As persoas que non obtiveran praza, quedarán nunha listaxe de reserva .

As mulleres adxudicatarias das prazas deberán aboar o prezo público establecido no punto 6 das bases no rexistro do Concello de Baiona ou en calquera das contas do Concello antes do inicio da actividade

Contas bancarias do Concello de Baiona:

NOVAGALICIA BANCO: 2080 5015 60 3040011550

LA CAIXA:2100-1821-68-0200000539

BANCO PASTOR: 0238 8335 16 0660000173

BANESTO: 0030-6057-60-0375100273

BBV: 0182-5355-81-0000003164

BANCO SANTANDER: 0049-4368-96-2710000683

As mulleres que aboen a cuota a través dunha entidade bancaria deberán presentar o resgardo no Centro Municipal de Información á Muller (sito na rúa Dolores Agrelo nº 16-1ª planta) ou remitilo ao fax 986/355291

10. Para máis información: Centro Municipal de Información á Muller. Teléfono 986/357554

Baiona,luns 20 de xaneiro de 2014.



Jesús Vázquez Almuíña



CURSO DE INICIACIÓN A MICROSOFT WORD E INTERNET DIRIXIDO A MULLERES

SOLICITUDE

Datos da solicitante:	
Nome _____	
apelidos _____	
D.N.I. _____	
Enderezo _____	
_____	Teléfono Fixo _____
Teléfono Móvil _____	e-mail _____

EXPÓN :

Que aberto o prazo da convocatoria para participar no curso de informática “Iniciación a Microsoft word e internet” organizado pola Concellería de Igualdade a través do Centro de Información á Muller,

Solicito sexa admitida esta instancia para participar no proceso de selección de dita actividade Documentacion que acompaña á solicitude

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada do da tardxeta de desemprego
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa

Baiona _____ de _____ de 2014

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA